


## ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

Despois de traballar o cheiro durante as semanas pasadas, agora toca estimular o tacto, por iso durante os días que quedan do mes de **ABRIL** e os primeiros do mes de **MAIO**, realizaremos as seguintes actividades:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10

Por este motivo, imos organizar as tarefas por sentidos, centrándonos na estimulación do **tacto**:



Como dixemos con anterioridade as nosas casas están cheas de estímulos sensoriais, e como ao longo de estas dúas semanas imos traballar o tacto, pois non temos máis que pechar os ollos ou tapalos e comezar a experimentar sensacións coas nosas mans, pés, pel,...

Dentro das diferentes estancias dos nosos fogares e frecuente que dispoñamos de elementos como os que detallamos a continuación é que non axudarán a realizar actividades lúdicas integradas dentro das nosas rutinas diarias.

É usual que dentro do noso **cuarto** contemos con telas de diferentes texturas, como son as bufandas, abrigos, coxíns, sábanas, mantas, alfombras,...



que soen estar confeccionadas con materiais como a la, felpa, coralina, lycra, seda, gasa,....

O **baño** tamén é unha fonte inesgotable de recursos para estimular o tacto, nel soemos ter escumas como a de afeitar, xeles, talco, xabóns, toallas, esponxas, guantes de crin, peites, limas...

Dentro nas nosas **cociñas** tamén contamos con alimentos que nos poden axudar a poñer en práctica diferentes actividades como son os garavanzos, fabas, arroz, macarróns,...froitas como a kiwi, laranxa,... líquidos a diferentes temperaturas,...así variados utensilios tipo "estropajos", reladores, táboas de madeira,....

Finalmente, se contamos con xardín ou plantas nas nosas casas como son os cactus, aloe vera, rosas, ....tamén podemos pensar en diferentes actividades.

As actividades que podemos levar a cabo con todos estes elementos son as seguintes:

- Dicir si o tacto nos resulta agradable ou desagradable (por exemplo suave/áspero).
- Diferenciar a consistencia de materiais (duro/brando), podemos empregar plastilina, algodón, peluches,...
- Recoñecer diferentes texturas nos alimentos (por exemplo entre un kiwi e unha laranxa).
- Adiviñar obxectos empregando só o tacto (pelota, cepillo, lapis,...). Tamén os podemos introducir dentro dunha caixa e que os vaian localizando coas mans (por exemplo, colle a pelota).
- Identificar diferentes alimentos usando unicamente o tacto (faba/garavanzo/macarrón).
- Distinguir entre quente e frío (por exemplo durante a ducha, auga quente ou morna).
- Pasear descalzo sobre alfombras con diferentes texturas ou polo campo si é posible.
- Realizar debuxos con pintura de dedos.

**ESPERAMOS QUE VOS GUSTEN AS ACTIVIDADES E EN QUINCE DÍAS VOLTAREMOS CON MÁIS TAREFAS PARA ESTIMULAR O GUSTO!!!**